



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021

XOVES 26
NOVIEMBRE 2020

Auditorio de Galicia, 20.30 h

PAXAROS E ORQUESTRA

Paul Daniel, director

Matthieu Arama, violín

PROGRAMA

Aaron Siebert (1996)

Memorias dun neno labrego

*(Obra encargo RFG)**

Einojuhani Rautavaara (1928-2016)

Cantus Arcticus, concerto para paxaros e orquestra, op. 61

O Pantano

Melancolía

A migración dos cisnes

Jean Sibelius (1865-1957)

Concerto para violín en re menor, op. 47

Allegro moderato

Adagio di molto

Allegro, ma non tanto

Matthieu Arama, violín

* Estrea absoluta

Duración aproximada do concerto: 65 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Claudio Guridi
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Ildikó Oltai
Michal Ryczek

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Enrique Roca
Samira Ajkic
Elina Viksne
Gyula Vadaszi
Helena Sengelw

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Teresa Cardoso (R)
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Millán Abeledo **
Carlos García
Thomas Piel
Alexandre Llano (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Gustavo Barcia (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Henrique Medeiros ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Luca Tognon ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Bernardino Assunção ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Miguel Linares ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
José Ramiro Pérez (R)
Faustino Núñez (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

CELESTA

David Durán (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

PAUL DANIEL

DIRECTOR

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos

coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

MATTHIEU ARAMA

VIOLÍN

“Aquí hay un violinista cun ton rico e cheo, que lembra a Toscha Seidel ou a David Oïstrakh”

(Lynn René Bayley-Fanfare Magazine / EEUU)

Matthieu Arama comezou a tocar o violín aos 6 anos e debutou como solista na Sala Gaveau de París aos 11 anos. Pouco despois ingresou no Conservatorio Nacional Superior de Música de París, onde obtivo en 2000 o Primeiro Premio por unanimidade e un Premio Especial da Asociación de Antigos Alumnos. O mesmo ano tivo a honra de ser aceptado na clase do mestre Igor Oïstrakh no Conservatorio Real de Bruxelas. Alí obtén o seu Máster coa máxima distinción e coa nota 20/20 en violín. Grazas ás ensinanzas do seu ilustre mestre, un dos representantes máis eminentes da grande Escola Soviética, Matthieu Arama obtivo o Terceiro Gran Premio no prestixioso Concurso Internacional de Montreal e a Medalla de Bronce no Concurso Internacional de Londres (Benjamin

Britten). Tamén foi Cuarto Premio no Concurso Internacional Shlomo Mintz (Sion-Valais) e gañador das bolsas Feydeau de Brou St. Paul e da Yamaha Music Foundation of Europe.

Tras estes resultados, Matthieu actuou como solista nas mellores salas do mundo: Barbican en Londres, Wilfried Pelletier na Place des Arts de Montreal, Great Hall do Conservatorio Chaikovski de Moscú, War Memorial Opera House de San Francisco, City Hall en Cidade do Cabo (Sudáfrica), Auditorio de Galicia, Great Hall do Conservatorio de Bruxelas, Sala Gaveau de París ou a Ópera e o Auditorio Dutilleux de Burdeos. Tocou con orquestras como a Sinfónica de Londres, Royal Philharmonic, Orquestra Sinfónica de Montreal, Filharmonica de Ontario, Ópera de San Francisco, Real Filharmonía de Galicia, Filharmonica de Cidade do Cabo, Orquestra Nacional de Burdeos Aquitania e a Orquestra Nacional de Lituania.

Como solista ten actuado baixo a dirección de mestres como Sir Andrew Davis, Paul Daniel, Asher Fish, Roberto Benzi, Shlomo Mintz, Sascha Goetzel, Marco Parisotto, Kwamé Ryan... Moitas das súas actuacións foron emitidas por France Musique, Radio Classique, Radio Canadá, CBC, France Bleu, Radio Suisse Romande ou Fox News.

O seu primeiro disco. "Violin Showcase", editado por Brilliant Classics, composto por pezas de Paganini, Sarasate ou mesmo Wieniawsky, entre os máis virtuosos do repertorio, foi un grande éxito de crítica (4stars Fono Forum en Alemaña, "un disco notable" para Fanfare Magazine-USA, "un disco excepcional" para Klassieke Zaken en Holanda). E está acompañado pola Orquestra Nacional de Burdeos baixo a dirección do mestre Paul Daniel na gravación para Actes Sud / Harmonia Mundi dos solos de violín máis fermosos dos grandes

ballets de Chaikovski e Glazunov (*O lago dos cisnes*, *A bela dormente*, *Raymonda*...); disco onde a súa interpretación é descrita como "magnífica" pola crítica (ResMusica).

Solista da Orquestra Nacional de Burdeos Aquitania, profesor no Pôle d'Enseignement Supérieur de Burdeos, Matthieu Arama ten o privilexio de tocar o violín Guarnerius coñecido como o 'Duque de Cremona', que lle foi cedido pola Asociación Zilber-Vatelot-Rampal.

Aaron Siebert (1996)

Compositor, pianista, e cineasta galego. Gañador de prestixiosos concursos como o 2020 Sinta Quartet National Competition e o premio de composición da Sociedade de Música de Cámara de Rochester, a súa música abrangue todos os xéneros, desde a música de cámara ás bandas sonoras. As súas obras foron interpretadas en España, EEUU e Asia, incluíndo entre outros o Singapore Saxophone Symposium e a 30 Edición 'Gallegos del Año' en homenaxe a Rafael Úbeda. Bolseiro de excelencia tras recibir o premio de fin de grao en piano en Vigo en 2015, estudou un dobre grao en piano e composición no Nazareth College of Rochester con Octavio Vázquez, e un mestrado na Eastman School of Music con Mark Watters, Dave Rivello, e Ricardo Zohn-Muldoon. Actualmente prepara a estrea do seu debut como director e produtor de cine cunha curtametraxe de 35 minutos baseada na vida da súa avoa, con música gravada pola orquestra Empire Film Music Ensemble e Luisa Hidalgo como solista. Así fala Aaron Siebert da súa obra "*Memorias dun*

nenó labrego" é unha obra nutrida das raíces musicais e culturais galegas para plasmar a miña visión persoal de Galiza, vinculada ao mundo reflectido na novela de Xosé Neira Vilas. A dramatización musical da vida de Balbino, o seu protagonista, céntrase no carácter único da súa inocencia: unha inocencia anciá, que funde infancia e vellez a través dun certo realismo máxico. É música lírica, centrada na beleza da disonancia nas distintas familias da orquestra, estruturada en varias ondas de tensión que nacen de alalás e muiñeiras, gaitas e zanfonas, entretecidas e reinventadas en texturas orquestrais que culminan nun clímax que simboliza o renacer final de Balbino como adulto. Escribín *Memorias dun nenó labrego* dende América, como fixo no seu momento Neira Vilas. A vida de Balbino é tamén a vida da miña nai, dos meus avós, e da Galiza de raíces pagás que tiveron o privilexio de coñecer a través da xente maior coa que medrei. É unha homenaxe a Neira Vilas, e unha homenaxe a Galiza".

Einojuhani Rautavaara (1928-2016)

O finlandés Rautavaara soubo crear unha linguaxe recoñecible que, partindo da atonalidade das súas primeiras obras nos anos 50 e 60, derivou cara a perspectivas máis tradicionais, case neorrománticas, con ese peculiar misticismo que impregna algunhas das súas obras máis coñecidas. Cronoloxicamente situado entre os neoclásicos Einar Englund e Joonas Kokkonen e o grupo híbrido que inclúe a Usko Meriläinen, Aulis Sallinen e Paavo Heininen, a súa música caracterízase pola súa variada estilística dada a súa fidelidade ás súas inquedanzas musicais. Estudou na Academia Sibelius de Helsinqui con Aarre Merikanto e alí mostrouse como un seguidor do estilo de Sibelius e Nielsen pero tamén de Bartók e Shostacovich para chegar ás técnicas seriais despois das súas estancias en Nova York como bolseiro na Juilliard School. Rautavaara alcanzou o recoñecemento definitivo co éxito da súa *Sétima Sinfonía 'Angel of Light'* (1994) -que completa o ciclo de temática anxélica da que tamén forman parte *Angels and Visitations* e *Angel of Dusk*-, popularidade que xa obtivera con *Cantus Arcticus*, singular concerto

para paxaros e orquestra composto en 1972 por encargo da Universidade de Oulu que incorpora gravacións de cantos de paxaros da área do Círculo Polar e dos pantanos do norte de Liminka. *Cantus Arcticus* artéllase en tres movementos combinando a música electrónica, a música aleatoria, a tradición musical finesa, a concepción romántica do solista pola que enfronta os paxaros á orquestra e conformando unha peza de grande liberdade compositiva. O *pantano* comeza cun dúo de frautas fluído e sinuoso ao que se van engadindo as outras madeiras e os sons dos paxaros dos pantanos na primavera aos que Rautavaara se refería como 'paxaros pantasma'. Cara ao final, aparece unha dilatada melodía, iniciada polas cordas, que representa a voz interior dun home errante pola paisaxe pantanosa. O breve e sereno segundo movemento, *Melancolía*, inclúe a gravación do canto da laverca manipulada cara a un rexistro máis grave. A peza remata con *A migración dos cisnes*, un largo crescendo no que os sons destas aves medran sen fin para despois esvaeecerse na distancia. *Cantus Arcticus* foi estreada o 18 de outubro de 1972 en Oulu cuxa Universidade realizou o encargo para a súa cerimonia de gradación.

Jean Sibelius (1865-1967)

O Concerto para violín e orquestra en re menor op. 47 é unha das obras máis executadas do finés Jean Sibelius incluso unha das máis interpretadas do século XX cuxo estilo absolutamente romántico contribuíu ao éxito. Aínda que non é o estilo máis habitual do compositor, non deixa de formar parte da súa personalidade musical e condensa as súas emocións pois, sen ser autobiográfica, está ligada á súa experiencia vital respondendo a unha necesidade de chegar a un público máis aló da súas fronteiras pero sen perder a súa personalidade finesa. Composta no ano 1903 –entre a Segunda e a Terceira sinfonías e na época na que o compositor eleva o alcol á categoría de “o meu máis fiel compañeiro”– estreouse ao ano seguinte, en Helsinki, co propio Sibelius na dirección e Víktor Novacek de solista quen debía estrear unha obra que resaltaba os alardes do solista enfrontándoo a pasaxes farragosas e diabólicas, non estivo á altura virtuosística de Willy Burmester, primeiro violín da Orquestra Kajanus. Tras as críticas que falaban de “demasiadas pompas e circunstancias”, Sibelius revisou a peza en 1905, eliminando moita pirotécnica e primando a

expresividade fronte ao lucimento e refinando a escritura orquestral, así a partitura recuperou fluidez e naturalidade dentro da súa rapsódica e apaixonada brillantez. A obra presenta un trato exquisito da melodía e un refinado cromatismo, ademais dunha tendencia cara ao diatonismo sen renunciar á coloración modal. Aínda na versión corrixida, é unha obra de gran complexidade técnica na que o compositor amosa o dominio do seu instrumento principal no que o primeiro movemento máis ben rapsódico, *Allegro moderato*, presenta unha exposición en tres partes e a cadencia fai as veces de recapitulación, a romanza consiste no desenvolvemento dunha extensa melodía de tipo vocal, de caloroso lirismo e inspiración probablemente mediterránea. A esta melodía segue un axitado diálogo de solista e orquestra, para retornar á melodía do violín. *O Allegro ma non tanto* é unha especie de rondó, no que o solista despreza libremente o seu discurso sobre un acompañamento rítmico, de tipo *ostinato*, a cargo da orquestra considerado por Sibelius como unha danza macabra.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 10 de decembro, 20.30 h

ABRAZANDO A NATUREZA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

A. Clyne, *Within her arms**

B. Dean, *Sinfonía pastoral**

L.v. Beethoven, *Sinfonía núm. 6 en Fa maior, op. 68 "Pastoral"*

* Estrea en España

Xoves 17 de decembro, 20.30 h

IN NOMINE DOMINI

Concerto en homenaxe ao Padre López

Calo SJ

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Enrico Onofri, director

Francesca Aspromonte, soprano

A. Vivaldi, *Concerto en Sol maior. RV. 151 "Alla rustica"*

A. Vivaldi, *Laudate Pueri Dominum en do menor, RV. 600*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 84 en Mi b maior "In nomine Domini"*



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

